

XOGO DAS CADEIRAS

1. Este exercicio representa moi claramente como está repartido o mundo tanto en habitantes, coma en riqueza. A persoa que dinamiza reparte os mapas polas paredes da sala. A continuación, explica ao grupo que van representar a distribución da poboación mundial. Díselles ás persoas participantes que se imaxinen que todas elas representan os máis de 7 mil millóns de habitantes da Terra. Se a aula fose o mundo e o grupo a súa poboación total, cada participante representaría X millóns (ver cadro 1).

2. Solicítase entón que se distribúan por áreas xeográficas (é dicir, que se coloquen debaixo dos carteliños) segundo como elas crean que está repartida a poboación mundial, de forma que reproduzan o máis exactamente posible a distribución da poboación mundial. Nesta fase vós non falades moito, déixaselles a elas que cheguen a un acordo, que cheguen a un consenso, que discutan e decidan. Pero si que podedes ir facendo preguntas, e dando pistas, xa que vós sabedes como están repartidos (ver cadro 2). Tedes que moderar o debate, para intentar ver todos os puntos de vista e que cheguen a acordos.

Unha vez que o grupo se estabilizou e deixou de moverse, ofreceremos as cifras reais e corríxese a simbolización se fose necesario

3. Agora é o momento da segunda parte do xogo: xa temos repartida ás persoas, agora imos repartir as riquezas. As cadeiras representan o PIB mundial, hai unha cadeira por habitante, cada cadeira representa X millóns de dólares (ver cadro 3), polo tanto, hai diñeiro para todas, pero como está repartido? Pídeselles ás participantes que collan para o seu continente tantas cadeiras como crean que teñen na realidade. É dicir, como está repartida a riqueza do mundo? O procedemento é exactamente o mesmo que para a fase anterior: elas debaten, vós preguntades, dades pistas, suxerides... e elas teñen que chegar a un acordo.

A continuación, a dinamizadora dá as cifras reais e corrixe a representación.

Para finalizar o exercicio, as persoas de cada área teñen que ocupar todas as cadeiras. Ningunha cadeira pode quedar baleira e ninguén pode quedar no chan. Hai que subir ás cadeiras como sexa. A risa está asegurada ao ver a xente de América do Norte tombada nas súas cadeiras baleiras fronte ás que están en Asia que se apiñan sobre as escasas cadeiras das que dispoñen.

Algunhas preguntas que podemos facer

Cantas veces tivestes que recolocarvos ou recolocar as cadeiras? Coñecíades de verdade o mundo no que vivimos?

Que parte vos custou máis resolver? Sorprendeuvos algunha repartición en especial?

Que sentides en Europa e América do Norte cando vedes como están vosos/ás compas de África, Asia, América do Sur...? Necesitabades todas esas cadeiras para sentarse tan pouca xente?

Que sentides en África e Asia vendo aos/ás de Europa e América do Norte tan cómodas/as?

Credes que as cifras globais son suficientes para explicar o que acontece dentro de cada país?

Tanto os e as participantes como quen dinamiza o xogo vivimos en Europa, temos a sensación de vivir tan cómodos/as como na representación ou pensamos que nos faltan moitas cousas?

Crede que todas as persoas que viven en Europa e América do Norte viven tan ben, ou hai persoas que non teñen ese benestar?

Sorprenderate que o continente que máis cadeiras ten é Asia, pero cabe recordar que en Asia se encontran países como Xapón, os países petroleiros como Qatar... e economías emerxentes como India ou China, que aínda que a riqueza per cápita é pequena, en números brutos é bestial porque son países que entre os dous suman 2.500 millóns de persoas.

Neste punto haberá unha contradición... pero ten truco, explícome: Normalmente, en América Latina hai tantas cadeiras como persoas, polo tanto, están cómodos. Entón debes preguntar: que pasa, en América Latina non hai pobreza??? E deben chegar á conclusión (se non, dicídesllo vós logo) de que a riqueza está moi mal repartida: cada persoa non ten unha cadeira, senón que haberá unha persoa que teña case todas as cadeiras, e moitas persoas que se teñan que conformar con media cadeira. América Latina é a zona do mundo con maior índice de desigualdade entre riqueza/pobreza.

Cres que é verdade que cantos máis habitantes, máis pobreza? Podes encontrar exemplos contrapostos, de desmintan o prexuízo? Ex. Xapón: sobrepoboado, sen recursos naturais e moi rico. Zaire: pouca densidade de poboación, moitos recursos naturais e moi pobre.

Por que crede que se dan estas diferenzas vivindo no mesmo país ou continente?

Unha pregunta máis, todas esas cadeiras que teñen os países do Norte, toda esa riqueza monetaria, saíu dos seus territorios? Teñen todos os recursos enerxéticos e materiais necesarios? Colléronos doutros sitios? De que rexións? Como quedaron esas rexións? A gran maioría das riquezas naturais que abastecen ao mundo están naqueles países con densidade de poboación alta e elevados índices de pobreza e que chegan a sufrir fame. Entón, como son as relacións internacionais no intercambio de riquezas? O sistema mundial é xusto ou inxusto? Que facer para cambialo?

CADRO 1

Continente	Población	%	PIB (millones de \$)	%
Asia e Oceanía	4.550.082.979	61,03%	11.641.426	21,89%
África	1.115.594.100	14,96%	1.594.777	3,00%
Europa	780.192.000	10,46%	18.799.894	35,35%
América do Norte	598.100.000	8,02%	17.506.458	32,92%
América Latina e Caribe	411.595.102	5,52%	3.632.841	6,83%
	7.455.564.181	100,00%	53.175.396	100,00%

Poboación: Base de Datos de 2011 / Fonte: Wikipedia

PIB: Base datos 2010 Banco Mundial

Finalmente, péchase facendo unha reflexión sobre o PIB como indicador da repartición da riqueza: O crecemento económico, medido a través do PIB, considérase xeralmente o principal obxectivo da política económica dun país, co argumento de que incrementa o emprego e o benestar social. Non obstante, o PIB non recolle numerosos aspectos que son importantes para o benestar humano, polo que recibiu críticas dende distintos campos e liñas de pensamento.

As deficiencias do PIB como medida do benestar dunha sociedade poden resumirse nas tres seguintes:

1. Ten un enfoque cuantitativo e materialista, que non suma as melloras na calidade de vida, nin resta o seu empeoramento. As boas condicións laborais, o disfrute dun maior tempo de ocio, uns servizos sanitarios e educativos de calidade, e cuestións deste tipo, son ignoradas polo PIB. Pola contra, "males" como os mísiles e outras armas de guerra, valóranse positivamente.

2. Subestima a verdadeira actividade económica e o nivel de produción dun país, por non ter en conta os bens e servizos que non pasan polo mercado, como por exemplo:

. O traballo doméstico e os coidados familiares: se un membro da familia realiza as tarefas do fogar ou coida un ancián ou persoa dependente, ese traballo non o contabiliza o PIB; non obstante, se contratases unha persoa para facer esas tarefas, si se contabilizaría.

. Os mercados de segunda man: estes bens usados incluíronse no PIB no momento en que se crearon, pero non nas transaccións posteriores.

. O traballo do voluntariado e das asociacións sen ánimo de lucro, que supoñen unha cantidade de recursos e tempo de traballo importantes.

. As operacións de troco de bens e servizos, nas que non intervén o diñeiro e tampouco se inclúen nas cifras do PIB.

. A economía mergullada, isto é, as actividades ilegais ou clandestinas, tales como narcotráfico, prostitución ou traballo sen contrato. Os estudos levados a cabo estiman que poden supoñer entre un 20 e un 25% do PIB en España.

3. O PIB non considera os efectos externos do crecemento económico sobre o medio, que se traducen na destrución dos recursos naturais e na degradación do medio. Por exemplo, a produción e o uso dos automóviles, paradigma do benestar nas nosas sociedades, xeran contaminación atmosférica e acústica que diminúen ese benestar, ademais de esgotar para as xeracións futuras o petróleo, un recurso natural non renovable. Ou o problema dos residuos xerados polas actividades de produción e consumo, que contaminan o medio natural e, nalgúns casos, como o dos materiais radioactivos e químicos, supoñen un risco para a vida terrestre.

As externalidades negativas implican un custo social que non recolle o PIB, que se limita a contabilizar a parte positiva das actividades económicas: se a industria papeleira destrúe un bosque, por exemplo, o PIB valora monetariamente o papel obtido, pero non as consecuencias da talla das árbores.

CADRO 2: DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN MUNDIAL

Número de xogadoras	Asia e Oceanía	África	Europa	América do Norte	América Latina e Caribe	1 xogadora representa (millóns de habitantes)
12	7	2	1	1	1	621
13	8	2	1	1	1	573
14	9	2	1	1	1	532
15	9	2	2	1	1	497
16	10	2	2	1	1	466
17	10	3	2	1	1	438
18	11	3	2	1	1	414
19	12	3	2	2	1	392
20	12	3	2	2	1	372
21	13	3	2	2	1	355
22	13	3	2	2	1	338
23	14	3	2	2	1	324
24	15	4	3	2	1	310
25	15	4	3	2	1	298
26	16	4	3	2	1	286
27	16	4	3	2	1	276
28	17	4	3	2	2	266
29	18	4	3	2	2	257
30	18	4	3	2	2	248
31	19	5	3	2	2	240
32	20	5	3	3	2	232
33	20	5	3	3	2	225
34	21	5	4	3	2	219
35	21	5	4	3	2	213

CADRO 3: DISTRIBUCIÓN DE CADEIRA SEGÚN O REPARTO DA RIQUEZA MUNDIAL

Número de xogadoras	Asia e Oceanía	África	Europa	América do Norte	América Latina e Caribe	1 cadeira representa (\$)
12	3	0	4	4	1	4.431.283
13	3	0	5	4	1	4.090.415
14	3	0	5	5	1	3.798.243
15	3	0	5	5	1	3.545.026
16	4	0	6	5	1	3.323.462
17	4	1	6	6	1	3.127.964
18	4	1	6	6	1	2.954.189
19	4	1	7	6	1	2.798.705
20	4	1	7	7	1	2.658.770
21	5	1	7	7	1	2.532.162
22	5	1	8	7	2	2.417.063
23	5	1	8	8	2	2.311.974
24	5	1	8	8	2	2.215.642
25	5	1	9	8	2	2.127.016
26	6	1	9	9	2	2.045.208
27	6	1	10	9	2	1.969.459
28	6	1	10	9	2	1.899.121
29	6	1	10	10	2	1.833.634
30	7	1	11	10	2	1.772.513
31	7	1	11	10	2	1.715.335
32	7	1	11	11	2	1.661.731
33	7	1	12	11	2	1.611.376
34	7	1	12	11	2	1.563.982
35	8	1	12	12	2	1.519.297

África

Euroopa

Asia e

Oceanía

América

do Norte

América
Latina e
Caribe